



CELEBRACIÓN DO DÍA NACIONAL DO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO, 26 DE OUTUBRO

Nestas datas coma tódolos anos celebramos o día nacional do dano cerebral adquirido, un día para informar e reivindicar todo o relacionado con esta problemática cada vez máis común na nosa sociedade. As actividades realizadas neste ano foi variada.

O propio día pola mañá un grupo de usuarios do Centro de Día acudiron ó Hospital Clínico Universitario de Santiago cunha mesa informativa para que aquelas persoas que quisesen acercarse e informarse de todo o relacionado co dano cerebral adquirido o fixesen.

Á vez que no Clínico estaban algunhas persoas representando a entidade, dende Sarela, retransmitíase un programa de radio en directo a través de Cadena Ser onde participaron os usuarios e os profesionais contando as súas propias experiencias, as dife-

rentes actividades que se realizan no centro..., ademáis fixéronse diversas conexións co psicólogo do Hospital Clínico, Miguel Anxo e co grupo que se atopaba na mesa informativa. Tamén se fixeron dúas entrevistas máis con Mar Martín, concelleira de Benestar de Santiago e cun rapaz que tivo dano cerebral e que logrou a súa inserción laboral.



A Concelleira de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela



Mesa informativa no Hospital Clínico de Santiago




Mercedes contestando a preguntas do reporteiro

XA DISPOÑEMOS DA LOTERÍA DE NADAL:

N^{os.}: **73988 - 58401 e 52423**

Xa pola noite, chegou o momento máis esperado para todos, a presentación da curtametraxe con título "Danko" que tanto traballo e tanto tempo levou facer. O acto realizouse no CIFP Politécnico de Conxo ó cal hai que agradecerlle que cedera durante unhas horiñas o seu salón de actos para poder facer a presentación. Todo parecía coma unha presentación dunha auténtica película de Holliwood, todo o mundo ben arreglado, cas súas mellores galas e moi nervioso polo que diría a xente unha vez visto o filme.

A verdade que todo saíu moi ben, as críticas nos foron críticas senón auténticos alagos por todo o traballo que se puido ver na curta. Ademáis do anterior agradecemento que lle fixemos ó CIFP Politécnico de Conxo polo salón de actos, temos que agradecerlle moitísimo o traballo que Xela, a directora da curtametraxe fixo para que esta obra saíse



adiante. Moitas gracias a todo o mundo que o viu e que lle gustou xa que nos sentimos moi satisfeitos do traballo ben feito.



Foto de usuarios e profesionais de Sarela na estrea da curtametraxe "Danko"

O TALLER DA COMPRA

Mercedes Gianzo Sánchez e Jesús Juan Rodríguez Rial, Usuarios do Centro de Día

A actividade da compra é un dos talleres que se realizan no Centro de Día. Hai dúas encargadas de facela lista antes de ir mercar, Mercedes e M^a José. Nesta lista apúntanse tódolos productos de necesidade básica para o día a día, iogures, mazás, café, leite, auga..., ademáis de productos para o almorzo diario tamén se fai unha lista con aqueles productos de bricolaxe e papelería que se precisan, tinta para a impresora, folios...

Unha vez feita a lista se garda ata o día que se vai realizala compra. O día que corresponde imos acompañados dun profesional a un hipermercado e nos dividimos a tarefa: uns nos encargamos dos productos de alimentación e outros dos de bricolaxe e papelería. Unha vez mercado todo nos acercamos ás caixas para pagar e despois temos que ir a perder unha factura.

Con esta actividade practicamos o manexo do diñeiro, a escoller o mellor produto entre varios según o prezo e a calidade ademáis de comunicarnos en diferentes situacións (ca caixera, cos empregados do supermercado...).



Matilde, Eva e Mercedes collendo os produtos



Suso no momento de pagar

SAÍDAS DURANTE OS MESES DE XULLO E SETEMBRO

Natalia Gestoso, Usuaría do Centro de Día

Durante os meses de xullo e setembro a actividade do Centro de Día foi algo diferente xa que non tiñamos nin golf nin piscina polo que aproveitamos para visitar os diferentes museos da nosa cidade e as exposicións que nese momento estaban en Santiago.

Fumos ó museo do Pobo Galego, ó CEGAG, á Fundación Caixa Galicia, vimos exposicións de pintura, debuxo e mesmo a historia enteira de Charles Chaplin.

Pero a verdade que houberon dous días que nos gustaron máis que o resto, un deles

foi cando fumos á praia na Illa de Arousa e maila mañá que pasamos no Monte Pedroso. Que ben o pasamos.



NOVAS DE INTERESE

Debido a contratación das 12 prazas que dispoñemos no Centro de Día, ca Xunta de Galicia, o horario deste servizo ampliarase ata as 17:30 horas da tarde.

Os usuarios terán servizo de comedor e despois realizarán actividades pola tarde. Algúnhas delas serán Obediencia de Cans, Ximnasio, voltarán as manualidades....

Todo isto según nos foron informando dende a Xunta, podería comezar no próximo mes de Decembro. Esperamos que sexa o máis pronto posible, xa que hai moita xente que o está desexando.

OS NOSOS COLABORADORES



Agradecemosles a súa colaboración e apoio aos nosos proxectos, esperando que continúe en vindeiros anos. Grazas.